

NOTA INFORMATIVA

Cambios metodolóxicos na EPA 2021

A entrada en vigor do Regulamento (UE) 2019/1700 do Parlamento Europeo e do Consello do 10 de outubro de 2019, polo que se establece un marco común para as enquisas de fogares, e do Regulamento de Execución (UE) 2019/2240 de 16 de decembro de 2019, así como outros Regulamentos Delegados e de Execución polos que se establecen as variables a analizar, as definicións a utilizar e as periodicidades para cada unha das variables da Enquisa de Forza do Traballo (EFT) europea afectan á información que hai que proporcionar a partir do primeiro trimestre de 2021.

Dado que a Enquisa de Poboación Activa (EPA) é a operación que recolle a información necesaria para obter as variables esixidas na Enquisa de Forza do Traballo (EFT), houbo que levar a cabo as adaptacións necesarias para dar resposta aos novos requirimentos de información en 2021.

Estes cambios afectan aos seguintes aspectos da enquisa:

- Definición de fogar: posibilidade de que haxa máis dun fogar na mesma vivenda
- Deseño mostral: modificación paulatina (en 12 trimestres) do deseño mostral, ampliando o número de seccións na mostra e diminuíndo o número medio de vivendas a entrevistar por sección. Consideración de grupos quinquenais estritos na reponderación.
- Diminución da carga de resposta para as persoas inactivas de 70 anos ou máis e para a poboación maior de 89 anos
- Potenciación das enquisas telefónicas, incluso no primeiro contacto cos fogares
- Novos criterios de clasificación das persoas ausentes do seu emprego
- Modificación da definición de axuda familiar
- Reformulación da pregunta sobre métodos de busca de emprego
- Introducción de novas variables, adaptación das existentes e cambios na súa periodicidade, e supresión doutras variables
- Adición de módulos:
 - o Seis regulares, con periodicidade de oito anos, de contido fixado
 - o Dous ad-hoc, en dous anos de cada oito, de contido a determinar

- Bienais, alternando anos pares e impares

Con estas modificacións non se producen discontinuidades nas principais series de resultados

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Información enquisas: 900 102 104
FAX: 900 812 899
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en Twitter: [http://twitter.com/#!/IGE Estatística](http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica)
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>